

Plan de Convivencia

I.E.S. Manuel García Barros

Aprobado no Consello Escolar

13 de decembro de 2016

Revisado e aprobado polo Consello Escolar e por Dirección

26 de marzo de 2019

ÍNDICE

1. Consideracións introdutorias e marco legal	Páx.3
2. Situación e contexto	Páx.4
2.1. O Centro	
2.2. Diagnose e punto de partida	
3. Obxecto, fins e principios do plan	Páx.6
3.1. Obxectivos xerais	
3.2. Obxectivos específicos	
4. Normas de Convivencia, competencias e responsabilidades. A Comisión de Convivencia	Páx.9
4.1. Normas de Convivencia	
4.1.1. Introducción	
4.1.2. Principios e normas de comportamento do alumnado	
4.1.3. Tipificación das condutas contrarias á convivencia	
4.2. Competencias e responsabilidades	
4.2.1. Competencias xerais	
4.2.2. Competencias específicas	
4.3. A Comisión de Convivencia	
4.3.1. Finalidade	
4.3.2. Composición	
4.3.3. Atribucións	
5. Concreción das actuacións, medidas e programas a desenvolver	Páx.20
5.1. O Diario de Convivencia	
5.2. A Aula de Convivencia Inclusiva	
5.3. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso	
5.4. Programas formativos	
5.4.1. Habilidades Sociais e resolución pacífica de conflitos	
5.4.2. Formación de mediadores	
5.5. Plan de acollemento	
5.6. Concreción anual do Plan de Convivencia	
5.7. Intervencións e Difusión do Plan de Convivencia	
5.7.1. Intervención directa	
5.7.2. Difusión do Plan de Convivencia	
6. Indicadores de logro e instrumentos de avaliación	Páx.25

1. Consideracións introdutorias e marco legal

O Plan de Convivencia do I.E.S. Manuel García Barros será o documento no que se artelle a convivencia escolar, como garante dunha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica.

A partir da *Lei orgánica 2/2006, de educación (LOE)*, tamén segundo a redacción dada pola *Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)*, tal e como se recolle no seu artigo 121.2, unha das tarefas fundamentais que teñen encomendadas os centros educativos é a de elaborar o seu Plan de Convivencia, que pasará a formar parte do Proxecto Educativo do Centro. Así mesmo, no preámbulo desta mesma norma dise que “ocupa un lugar relevante, na relación dos principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”. Ademais, “proponse o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica destes” como un dos fins do sistema educativo, e para a súa consecución faise extensivo a todos os niveis educativos e a todos os membros da comunidade escolar o obxectivo de traballar “a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos”.

A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, é dicir, a actual *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (P.E.C.).

Así mesmo, o artigo 11 do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, establece que o proxecto educativo de cada centro docente incluírá un Plan de Convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da *Lei 4/2011* e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito Plan de Convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Ademais, será ao longo dos artigos 12 ao 17 deste mesmo decreto onde se recollerán os aspectos referidos aos obxectivos, estrutura, actuacións, medidas e programas favorecedores da convivencia e o proceso de seguimento, avaliación, mellora e difusión do Plan de Convivencia que cada centro deberá ter en conta na súa elaboración.

2. Situación e contexto

2.1. O Centro

O *I.E.S. Manuel García Barros* é un centro de ensino público que está situado na denominada zona de Tabeirós-Terra de Montes da provincia de Pontevedra. A maioría do alumnado é desta zona de Tabeirós, tanto do casco urbano como de zonas rurais próximas.

O Concello da Estrada, cunha superficie de 281'8 quilómetros cadrados, é un dos municipios de maior extensión de toda Galicia. A poboación é de 21.197 habitantes e está dividida entre o núcleo urbano e as 51 parroquias do rural. Segundo o censo do ano 2014 o reparto é o seguinte:

- Menores de 15 anos: 2.521 (11'89%)
- Entre 15 e 64 anos: 13.048 (61'55%)
- Maiores de 65 anos: 5.628 (26'55%)

Neste mesmo censo figuran 382 estranxeiros.

Na actualidade, o concello da Estrada conta cunha economía moi diversificada, posto que a tradicional actividade agrícola e gandeira foi abrindo portas progresivamente nas últimas décadas a un sector industrial, malia estar en regresión por mor da crise económica que afectou principalmente ás ramas do moble e da construción. Esta diversificación tamén ten unha tradución xeográfica, posto que no núcleo urbano e nas parroquias lindantes atópanse todos os servizos e a maior parte das industrias -situadas maioritariamente nos dous polígonos existentes (Toedo e Liñares)-, mentres que na zona eminentemente rural a economía segue a estar baseada nas explotacións agropecuarias, que aproveitaron a riqueza da comarca para modernizarse e facerse máis competitivas.

O *I.E.S. Manuel García Barros* está situado na chamada "zona escolar da Estrada", na rúa da Cultura, ao carón dos outros dous centros de ensino medio públicos do concello: o *I.E.S. N° 1* e o *I.E.S. Antón Losada Diéguez*. O edificio no que actualmente se imparten as clases, foi inaugurado no 1983 e ampliado sucesivamente nos anos 1988 e 1990.

O centro adscrito de primaria é o *C.E.I.P. Pérez Viondi*. No bacharelato o Centro recibe alumnado do *I.E.S. N°1* e do *I.E.S. Antón Losada Diéguez*, e en menor cuantía doutros centros públicos e privados do concello e dos concellos lindeiros.

O alumnado matriculado no curso 2016-2017 sitúase arredor dos 453 alumnos. A maioría do alumnado procede da capital do concello aínda que con incorporacións, ocasionais na ESO, e moi significativas no bacharelato, de alumnado do resto do concello. Apenas hai alumnado dos concellos lindeiros.

A maioría do noso alumnado podería situarse nun nivel medio ou medio-baixo en canto a situación socio-económica, cun predominio dos pais e nais empregados nos

sectores secundario e terciario, fronte a un residual sector primario porcentualmente irrelevante.

O alumnado inmigrante con problemas de integración é pouco relevante, como tamén o é a presenza de alumnado con N.E.E.

Destacar que esta presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, aínda que pouco significativa e minimamente problemática, suscitou o curso 2015-2016 preocupación e malestar manifestados no propio Centro por algúns pais e nais de 1º da ESO, que mesmo chegaron a recoller sinaturas para que estes alumnos foran "repartidos equitativamente" nos diferentes cursos, á marxe de calquera criterio pedagóxico ou da propia realidade da súa integración.

2.2. Diagnose e punto de partida

Durante o curso 2015-2016 o clima de convivencia foi positivo, como así reflectiron os resultados da enquisa de diagnose desenvolvida pola Consellería de Educación a alumnado, profesorado e familias.

A conflitividade existente quedou recollida e rexistrada en Xefatura de Estudos, desde onde, como vén sucedendo nos últimos cursos, se coordina todo o referido á Convivencia no Centro.

1. Partes de Incidencias:

Durante o curso 2015-16 rexistráronse 36 partes de incidencias:

- 1 a un alumno de bacharelato
- 3 a alumnos de 3º da ESO
- 32 a alumnos de 1º ou 2º da ESO

Queda patente que é nos cursos baixos da ESO onde se producen a maioría dos conflitos (88,8 % dos partes), todos eles por cuestións menores como *incumprimento de sancións impostas, conflitos leves entre os alumnos, actos leves de desobediencia ao profesorado, comportamentos disruptivos na clase...*

2. Expulsións:

5 alumnos foron expulsados do Centro por un período inferior a 3 días, sen necesidade de apertura de expediente disciplinario, e en todos os casos por conflitos entre o propio alumnado. Todos eles cursaban tamén 1º ou 2º da ESO.

3. Expedientes disciplinarios:

Fixéronse 4 expedientes disciplinarios, todos a alumnos de 1º da ESO. Un deles quedou sen sanción porque o correspondente xuíz instructor non atopou probas dos feitos imputados.

Destacar que nos anos anteriores non se abrira ningún expediente, polo que no pasado curso o número de expedientes abertos foi excepcional.

4. Protocolos de acoso:

Iniciouse un protocolo de acoso a un alumno tamén obxecto de dous expedientes disciplinarios. As probas non foron concluíntes e finalmente foi paralizado.

5. Protocolos de absentismo escolar:

Foi iniciado, concluído e comunicado ás autoridades pertinentes un protocolo de absentismo a un alumno de 1º da ESO.

O clima de convivencia é bo, soamente alterado por pequenos conflitos, especialmente entre o alumnado dos cursos máis baixos da ESO, que poderían ser perfectamente solucionados no ámbito da aula e do equipo docente, ou ben a través das titorías.

3. Fins e principios do Plan de Convivencia

3.1. Obxectivos xerais

O Plan de Convivencia deberá contribuír á consecución dos seguintes obxectivos xerais:

3.1.1. Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no Centro.

3.1.2. Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.

3.1.3. Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

3.1.4. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento, xestión e resolución dos conflitos que se poidan producir no Centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.

3.1.5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

3.1.6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

3.1.7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.

3.1.8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.

3.1.9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3.2. Obxectivos específicos

3.2.1. Revisar as estratexias e procedementos de información, participación e toma de decisións utilizadas nos órganos unipersoais e colexiados do Centro para mellorar as estruturas e canles de participación.

3.2.2. Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do Centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións.

- 3.2.3. Impulsar a creación e a actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos a través do diálogo e do consenso.
- 3.2.4. Adopción de acordos entre o profesorado respecto dos criterios de esixencia de normas e tratamento da disciplina coa finalidade de manter unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática.
- 3.2.5. Esixencia do cumprimento das normas por parte do profesorado, con independencia de que sexa ou non titor, a todo o alumnado do Centro naquelas situacións que o requiran.
- 3.2.6. Deseño de actividades e formas de organización que posibiliten a participación do alumnado na formulación das normas do Centro e da aula, establecemento de sancións e difusión e avaliación do cumprimento, dentro do marco normativo.
- 3.2.7. Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia.
- 3.2.8. Promover encontros, conferencias e obradoiros para a toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- 3.2.9. Vixiar as zonas comúns: aseos, corredores, recreos, entradas e saídas.
- 3.2.10. Establecer canles de comunicación fluídas e periódicas dos titores e dos equipos docentes por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia no Centro.
- 3.2.11. Potenciar un estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas.
- 3.2.12. Establecer na programación xeral anual concrecións anuais de mellora da convivencia adoptando obxectivos claros, consensuados e asumidos por toda a comunidade educativa que terán como referencia o plan de convivencia.
- 3.2.13. Incluír nas programacións dos diferentes departamentos, para desenvolver ao longo do curso, a realización dalgún traballo cooperativo entre o alumnado.
- 3.2.14. Incorporar no plan de acción tutorial actividades para analizar o clima de aula e establecer as normas de convivencia.
- 3.2.15. Elaborar un *Diario de Convivencia* de Centro onde se rexistren os aspectos máis relevantes ao longo do curso.
- 3.2.16. Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes.
- 3.2.17. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a implicación de todo o profesorado nos labores titoriais.
- 3.2.18. Utilizar asembleas de aula como sesións de información, debate e participación cando sexa preciso.

4. Normas de Convivencia, competencias e responsabilidades. A Comisión de Convivencia.

4.1. Normas de Convivencia

4.1.1. Introducción

As normas de convivencia do Centro recollidas nas N.O.F. terán como principal obxectivo concretar os deberes do alumnado e establecer as correccións que correspondan polas condutas contrarias ás citadas normas¹.

Estas correccións deben ter un carácter educativo e recuperador, garantindo o respecto aos dereitos do resto do alumnado e profesorado e procurando a mellora nas relacións de todos os membros da Comunidade Escolar.

Serán obxecto de corrección as faltas contrarias ás normas de convivencia cometidas polo alumnado durante o horario lectivo en calquera das dependencias do Centro ou no desenvolvemento das actividades extraescolares. Así mesmo, poderán corrixirse aqueles actos do alumnado que, aínda realizados fóra do horario lectivo e do recinto escolar, afecten aos seus compañeiros ou outros membros da Comunidade Escolar.

Considerarase o diálogo e a conciliación como o primeiro medio para a resolución dos conflitos.

Non poderán imporse correccións que atenten contra a integridade física e dignidade persoal do alumnado; todas as medidas adoptadas deberán contribuír á mellora do seu proceso educativo.

4.1.2. Principios e normas de comportamento do alumnado:

Os principios, normas de comportamento do alumnado e normas de convivencia recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento pretenden concretar, para a súa correcta aplicación, os Deberes e Dereitos do alumnado.

PRINCIPIOS XERAIS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

Principio 1: Respetarase o desenvolvemento das actividades do Centro.

Principio 2: Respetarase a integridade psíquica e física dos membros da Comunidade Escolar.

Principio 3: Respetaranse as instalacións e material do Centro e as pertenzas dos membros da Comunidade Escolar.

¹ O protocolo de actuación ante o incumprimento das normas de convivencia está recollido nas N.O.F.

Principio 4: Procurarase un cumprimento estrito das funcións que cada membro da Comunidade Escolar ten asignadas.

Principio 5: Usaranse as canles oportunas para discrepar.

Principio 6: Respetaranse as normas de funcionamento aquí recollidas.

NORMAS XERAIS DE COMPORTAMENTO DO ALUMNADO

Norma 1: O alumnado debe respectar a liberdade de conciencia, a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da Comunidade Escolar.

Norma 2: O alumnado manterá dentro do recinto escolar uns hábitos adecuados de limpeza e hixiene, tanto persoal como no vestir.

Norma 3: O alumnado debe respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.

Norma 4: O alumnado debe respectar as instalacións e material do Centro e as pertenzas dos outros membros da Comunidade Escolar.

Norma 5: O alumnado debe seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe.

Norma 6: O alumnado debe manter unha actitude cívica. Están terminantemente prohibidas as accións violentas e as agresións físicas ou verbais.

Norma 7: O alumnado ten prohibido saír do recinto escolar durante o horario lectivo, agás cando os titores legais ou alguén acreditado por eles o recolla despois de asinar no correspondente libro de conserxería. Para o alumando de bacharelato existe ademais a posibilidade de ausentarse se existe unha autorización previa, por escrito, dos titores legais.

Norma 8: O alumnado debe permanecer nas aulas durante os períodos lectivos agás cando sexan precisos traslados por esixencias académicas ou cando exista autorización expresa e xustificada dun docente.

Norma 9: O alumnado non poderá estar nas aulas nin nos corredores durante os recreos, agás acompañados por un profesor. Deberán tanto entrar como saír do edificio de forma ordenada, sen deterse nos corredores e escaleiras.

Norma 10: O alumnado deberá desprazarse polo Centro Educativo mantendo en todo momento unha actitude ordenada e respectuosa.

Norma 11: O alumnado manterá desconectados durante os períodos lectivos todos os aparellos electrónicos que non formen parte do proceso educativo e sexan expresamente autorizados polo profesorado responsable.

Norma 12: Está prohibida a fixación de cartaces que non teñan unha compoñente cultural ou educativa. Toda fixación debe ser expresamente autorizada polo Equipo Directivo.

Norma 13: No que respecta á posesión, venda ou consumo de substancias prexudiciais para a saúde, seguiranse as normas da lexislación vixente.

Norma 14: Non se permite comer nin beber (agás auga, se é expresamente permitido polo docente) durante os períodos lectivos.

Norma 15: O alumnado ten prohibido xogar ás cartas dentro do recinto escolar.

Norma 16: O alumnado deberá entregar ao profesorado que o requira, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do Centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

4.1.3. Tipificación das condutas contrarias á convivencia:

Consideracións introdutorias

As condutas contrarias á convivencia clasifícanse en condutas levemente contrarias á convivencia, e en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, que tipificaremos respectivamente como faltas leves e faltas graves.

Usarase un criterio de progresividade na aplicación das faltas, de xeito que a acumulación de faltas leves poderá constituír unha falta grave.

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

O ámbito de aplicación das faltas será o recinto escolar, durante os períodos ordinarios, e o lugar e o tempo en que se desenvolvan as actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de transporte escolar. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa.

1. FALTAS LEVES

Con respecto á actitude:

Falta leve 1: A reiterada asistencia ao Centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Falta leve 2: As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas leves contra os demais membros da comunidade educativa.

Falta leve 3: Os actos de discriminación leve contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Falta leve 4: Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina leve.

Falta leve 5: Os actos inxustificados que perturben levemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

Falta leve 6: As actuacións levemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do Centro, ou a incitación a elas.

Falta leve 7: Portar calquera obxecto, substancia ou produto perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Falta leve 8: Copiar ou usar material non permitido que deforme a realidade da avaliación.

Falta leve 9: Abandonar o recinto escolar sen autorización.

Falta leve 10: Permanecer sen autorización nas aulas e espazos non habilitados durante os períodos non lectivos.

Falta leve 11: Ter conectados durante os períodos lectivos, aparellos electrónicos que non formen parte do proceso educativo e sexan expresamente autorizados polo profesorado responsable.

Falta leve 12: Fumar no recinto escolar.

Con respecto ao material e ás instalacións:

Falta leve 13: Os danos leves causados de forma intencionada ou por clara negligencia ás instalacións e aos materiais do Centro ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

2. FALTAS GRAVES

Estas faltas non poderán sancionarse sen a previa incoación dun expediente, seguindo o procedemento marcado pola lei.

Falta grave 1: A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

Falta grave 2: As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Falta grave 3: Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

Falta grave 4: Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

Falta grave 5: A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos membros da comunidade educativa.

Falta grave 6: As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da *Lei 4/2011*.

Falta grave 7: A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

Falta grave 8: Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do Centro, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

Falta grave 9: Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

Falta grave 10: As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do Centro, ou a incitación a elas.

Falta grave 11: Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, considerarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os devanditos obxectos ou substancias se é requirido polo profesorado.

Falta grave 12: O incumprimento das sancións impostas.

4.2. Competencias e responsabilidades

4.2.1. Competencias xerais:

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar establece as competencias e responsabilidades en materia de convivencia dos diferentes membros da comunidade educativa:

1. A Comunidade Educativa:

1. Todos os membros da Comunidade Educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto e participarán na elaboración, no desenvolvemento, no control do cumprimento e na avaliación do Plan de Convivencia e das Normas de Convivencia do Centro.

2. A Comunidade Educativa no seu conxunto velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

2. O Consello Escolar:

O Consello Escolar do Centro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 127 da *Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación*, terá as seguintes:

- a) Elixir as persoas representantes da Comisión de Convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.
- b) Establecer directrices para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do Centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do Centro.
- d) Propoñer actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

3. A Comisión de Convivencia:

1. A Comisión de Convivencia do Centro constituirase no seo do Consello Escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A Comisión de Convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no Consello Escolar do Centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da Comisión de Convivencia de cada centro docente concretarase no Plan de Convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia* e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o Plan de Convivencia do Centro e dinamizar todos os sectores da Comunidade Educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da Comunidade Educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Proponer, de ser o caso, á persoa titular da Dirección do Centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no Centro, na que se reflectan as iniciativas sobre a materia no ámbito do centro. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do Centro ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a Comisión de Convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento do Departamento de Orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o Centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

4. O Claustro do profesorado:

O Claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da *Lei orgánica 2/2006*, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do Plan de Convivencia e das normas de convivencia do Centro.
- b) Participar na avaliación anual da convivencia no Centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do Plan de Convivencia.
- c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

5. O Equipo Directivo:

1. Ao Equipo Directivo do Centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaborar, de ser o caso, o Plan de Convivencia do Centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de Convivencia, mentres esta non estea constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no Plan de Convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

2. A Dirección, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da *Lei orgánica 2/2006*, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no Centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

3. De conformidade co artigo 132.f) da *Lei orgánica 2/2006*, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño*.

4. Á Xefatura de Estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do Centro e nas normas de convivencia do Centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción titorial e de atención á diversidade do Centro.
- c) Promover o exercicio da mediación no Centro.

- d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do Centro.

6. Órganos de coordinación docente:

1. Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia do Centro.

2. En todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do Centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co Proxecto Educativo do Centro e a Programación Xeral Anual.

4.2.2. Competencias específicas:

De xeito individual e colectivamente nos órganos dos que formemos parte, todos os membros da Comunidade Educativa somos responsables no control do cumprimento e na avaliación, revisión e mellora do Plan de Convivencia e das Normas de Convivencia do Centro.

Destacaremos tres figuras esenciais con funcións específicas:

1. Os titores, como coordinadores de grupo e nexo de unión entre alumnado, equipo docente e familias.

2. Dirección e Xefatura de Estudos, que asumen as labores de coordinación en todo o referido á Convivencia:

- Impulsando en colaboración con Vicedirección a participación do Centro en obradoiros e actividades directamente relacionados coa Convivencia.
- Elaborando o *Diario de Convivencia*.
- Proporcionando información periódica ao resto do profesorado e á Comisión de Convivencia.
- Coordinando todas as actuacións relativas á Convivencia no Centro.

3. Orientación, en colaboración cos titores, promovendo o desenvolvemento de charlas e obradoiros formativos relacionados coa Convivencia, recollendo na súa labor diaria e nos diferentes plans de traballo suxestións e propostas relativas á mesma, e elaborando programas específicos de atención e seguimento ao alumnado derivado á Aula de Convivencia Inclusiva.

4.3. A Comisión de Convivencia

4.3.1. Finalidade:

Créase no seo do Consello Escolar do IES Manuel García Barros unha Comisión de Convivencia. Ten carácter consultivo e desempeña as súas funcións por delegación do Consello Escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no *decreto 8/2015*, do correcto exercicio dos dereitos e deberes do alumnado, así como as relacións entre os diferentes sectores da comunidade educativa, no Plan de Convivencia e nas Normas de Convivencia do Centro .

4.3.2. Composición:

A Comisión de Convivencia, que será revisada anualmente na primeira xuntanza do curso do Consello Escolar , estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos , todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar. Será presidida pola persoa titular da Dirección do Centro, e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia corresponde ao Director ou Directora por proposta dos colectivos representados. Os membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non necesariamente.

4.3.3. Atribucións:

1. Elaborar o Plan de Convivencia do Centro e dinamizar todos os sectores da Comunidade Educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
2. Recibir información, cando menos trimestral, desde Xefatura de Estudos, do número e tipoloxía de incidencias ocorridas ao longo do trimestre.
3. Adoptar, a partir da información recibida, as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do Centro.
4. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes de respecto e diálogo para garantir a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
5. Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das accións desenvolvidas e das medidas disciplinarias impostas.
6. No caso de faltas tipificadas como graves ou moi graves nas N.O.F. ou, no seu defecto, na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa* e no *Decreto 8/2015, do 27 de xaneiro*, que desenvolve a citada lei,

susceptibles da instrución dun procedemento corrector, a Dirección do Centro poderá solicitar asesoramento á Comisión de Convivencia.

7. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade do Centro, na que se reflectan as iniciativas sobre a materia no ámbito do Centro, e se sinalen, a partir da mesma, os obxectivos de mellora para o curso seguinte que deberán recollerse na correspondente Concreción Anual do Plan de Convivencia.

8. Propoñer, de ser o caso, á persoa titular da Dirección do Centro, persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

9. Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o Consello Escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

10. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos polo Centro.

5. Concreción das actuacións, medidas e programas a desenvolver

5.1. O Diario de Convivencia:

A partir do curso 2016-2017, dende Dirección e Xefatura de Estudos elaborárase un *Diario de Convivencia* onde se recollerán todas as informacións, directa ou indirectamente relacionadas coa convivencia, que desde os diferentes membros da Comunidade Educativa lle sexan comunicadas.

O contido do diario, axustándose ao que a lexislación vixente estableza sobre a confidencialidade de datos, servirá de base xunto coa documentación oficial xerada ao longo do curso para a elaboración da Memoria Anual de Convivencia, a partir da cal se establecerán os obxectivos de mellora para o curso seguinte que deberán recollese na Concreción Anual do Plan de Convivencia.

En ausencia da Xefatura de Estudos, a elaboración e custodia do Diario estará a cargo do membro do equipo directivo que a Dirección estime oportuno.

5.2. Aula de Convivencia Inclusiva:

No artigo 19.3 da *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, a consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao Centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

1. Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva:

- Todo alumno ou alumna que como consecuencia da aplicación dunha medida correctora sexa sancionado ou sancionada coa suspensión do dereito de asistencia a clase por un período superior a tres días, deberá de permanecer na Aula de Convivencia Inclusiva segundo o horario que marque Dirección na propia comunicación escrita da sanción á familia.
- Desde Xefatura de Estudos será comunicado por correo electrónico o horario de atención ao alumnado expulsado ao profesorado de garda da aula, ao titor ou titora, ao equipo docente do grupo do devandito alumno ou alumna, e a Orientación.
- O profesorado que lle imparte clases, proporcionará a Xefatura de Estudos os traballos que vai ter que facer neses días a través do titor ou titora.

2. Atención da Aula de Convivencia Inclusiva:

- Desde Xefatura de Estudos, no momento da elaboración de horarios, contemplárase no cadro de gardas a atención á Aula de Convivencia Inclusiva en función da dispoñibilidade horaria de profesorado. Seguindo a lexislación vixente, para a atención desta aula contaremos especialmente coa colaboración do Departamento de Orientación.

- En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da Aula de Convivencia Inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

3. Intervención do Departamento de Orientación:

- O Departamento de Orientación establecerá no Plan de Orientación e nas correspondentes concrecións anuais os protocolos de atención e actuación necesarios encamiñados a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na Aula de Convivencia Inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

4. Localización, instalacións e material didáctico:

- A Aula de Convivencia Inclusiva estará localizada no departamento de Orientación polas características físicas do mesmo, e pola dispoñibilidade de abundante material didáctico no devandito espazo.

5.3. Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso:

Na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, abórdase por primeira vez no plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías. Recóllense, ademais, os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

No capítulo III titulado “Prevención e tratamento das situacións de acoso escolar”, defínese o acoso escolar dicindo:

Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Ante calquera comunicación ou percepción de situacións ou actuacións que poideran ser constitutivas de acoso, desde Dirección é de xeito inmediato, seguirase o establecido no *Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso* dispoñible en *educonvives.gal*.

Segundo o establecido no devandito protocolo e como medida prioritaria, a familia do alumnado implicado (presunta vítima, presuntos agresores e, de considerarse necesario, testemuñas relevantes) serán convocados telefonicamente a unha reunión no Centro onde serán informados da situación detectada.

Á marxe da aplicación ou non do devandito protocolo, rexistraranse no Diario de Convivencia todos aqueles aspectos referidos ao caso: comunicacións, entrevistas, medidas, pasos, compromisos e acordos.

5.4. Programas formativos

5.4.1. Habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos:

Os programas que contribúan á adquisición de habilidades e competencias sociais, ou actuacións similares que contribúan a un desenvolvemento equilibrado das competencias persoal e social, son fundamentais como medida de prevención para evitar que nos centros educativos se produzan condutas que alteren unha desexada convivencia entre os diferentes membros da comunidade educativa.

A *Lei 4/2011*, no seu artigo 19, destaca, entre os programas e actuacións complementarias as medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, a elaboración e desenvolvemento por parte do Departamento de Orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais dirixido fundamentalmente ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e que ten como finalidade mellorar a súa integración no Centro.

Ademais, tanto a citada lei como o artigo 24 do *Decreto 8/2015* establecen este tipo de programas tamén para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, ou mesmo para a súa atención na aula de convivencia inclusiva, tal como se mencionou anteriormente.

Estes programas, que necesariamente deberán de estar incluídos no Plan de Orientación, aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos Servizos Sociais do Concello, e procurarán implicar ao resto do profesorado e ás familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

5.4.2. Mediación:

O artigo 10 da *Lei 4/2011* indica que no Plan de Convivencia se integrará a mediación na xestión dos conflitos.

No artigo 26 do *Decreto 8/2015* defínese a mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas. Así mesmo, potencia a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Cabe destacar que a mediación non substitúe o conxunto de normas que elabora un centro escolar a través do seu plan de convivencia, pero si é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos:

- Como unha medida previa naqueles conflitos para os que as normas de convivencia no centro educativo prevexan algún tipo de sanción, xa que as diferentes accións que a mediación pon en marcha poden favorecer a aprendizaxe das habilidades sociais necesarias para mellorar a convivencia.
- Como unha medida para a resolución daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, pero nos que a mediación ofrece a posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.
- Como unha medida posterior, reparadora, en casos de disfuncións á convivencia, abordados segundo o previsto na normativa, pero nos que ademais das medidas que o centro adopte, a mediación preséntase como unha oportunidade de reconstrución, reconciliación e resolución.

No artigo 22.2, no que se refire á formación en materia de convivencia, indica que o centro, no marco do seu plan de convivencia, establecerá as actuacións correspondentes de formación do profesorado, alumnado, familias e persoal non docente en relación coa convivencia escolar. De ser o caso, parte destas actuacións formativas poderán realizarse de forma conxunta.

Como primeiro paso de cara á posible formación e posta en marcha dun equipo de mediación en vindeiros cursos, desde Orientación e en colaboración con Xefatura de Estudos, ofrecerase un Obradoiro de Mediación no Ámbito Escolar dirixido tanto ao alumnado como ao profesorado.

5.5. Plan de acollemento para alumnado de nova incorporación

O departamento de Orientación, en coordinación con Dirección e Xefatura de Estudos, elaborará un *Plan de acollida* para novos alumnos e coordinará a elaboración dun caderniño informativo en diferentes linguas que sirva de guía e presentación do noso Centro para o alumnado de nova incorporación, ben a principio de curso, ben ao longo do mesmo.

5.6. Concreción anual do Plan de Convivencia

Ao inicio de cada curso, Xefatura de Estudos, en colaboración con Orientación e coa Comisión de Convivencia, planificará as actuacións a desenvolver en materia de convivencia a través dunha *Concreción anual do Plan de Convivencia*, que formará parte da *Programación Xeral Anual*, e que deberá explicitar, para cada un dos obxectivos específicos que se marque o Centro en función das súas necesidades, os seguintes apartados:

1. Concreción das actuacións en referencia a:
 - Organización
 - Formación
 - Relacións interpersoais
 - Intervención directa
 - Difusión entre todos os membros da Comunidade Educativa

2. Relación entre as actuacións do Plan de Convivencia e outros documentos do Centro.
3. Responsables das actuacións
4. Temporalización e recursos
5. Indicadores de logro e instrumentos de avaliación.

5.7. Intervencións e Difusión do Plan de Convivencia

O Equipo Directivo, a través dos órganos e canles establecidos pola normativa vixente, adoptará todas as medidas necesarias para aplicar e difundir o Plan de Convivencia.

5.7.1. Intervención directa:

1. Revisará anualmente e difundirá os protocolos de actuación fronte aos conflitos no Centro e toda a documentación relacionada.
2. Rexistrará os conflitos que se produzan a través do *Diario de Convivencia* co fin de ter unha visión real da convivencia no Centro que permita, fundamentándose na evidencia, introducir as modificacións necesarias para a súa mellora.
3. Elaborará un calendario de gardas para a *Aula de Convivencia Inclusiva*.
4. Solicitará o apoio e intervención do departamento de Orientación ante os indicios ou situacións que poden derivar en posible acoso.
5. Aplicará a mediación e o diálogo como técnica de resolución de conflitos.

5.7.2. Difusión do Plan de Convivencia

Para o coñecemento e cumprimento do establecido no Plan de Convivencia, desde Dirección promoverase a súa difusión:

1. Coa realización dun claustro extraordinario para a presentación do Plan de Convivencia tras a súa revisión e aprobación no Consello Escolar.
2. Co envío dun arquivo informático que conteña o Plan de Convivencia e todos os documentos do Centro directamente relacionados ao conxunto do profesorado.
3. Coa entrega dun documento resumo do Plan de Convivencia no que se recollan os aspectos esenciais referidos a normas e procedementos de actuación.
4. Coa incorporar nas N.O.F. do protocolo de acollida que de xeito non regulamentada se vén realizando co profesorado de nova incorporación, sexa para o curso completo, sexa de xeito temporal, ao que se haberá de proporcionar toda a información referida a organización, funcionamento e convivencia do I.E.S. Manuel García Barros.
5. Coa presentación do Plan de Convivencia ao persoal non docente.
6. Coa difusión entre o alumnado do Plan de Convivencia e das N.O.F.:
 - na Xunta de Delegados desde a Xefatura de Estudos
 - nas aulas a través dos titores
7. Coa información a nais e pais ou titores legais nas reunións de inicio de curso e a través da páxina web do Centro.

8. Coa inclusión na páxina web do Centro do texto íntegro do Plan de Convivencia e da Concreción Anual, e coa creación dun apartado específico sobre convivencia onde se poderán consultar os aspectos máis relevantes ao respecto.

6. Indicadores de logro e instrumentos de avaliación

O Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo do Centro, e debe ser asumido como un proxecto de toda a Comunidade Educativa en continua revisión.

O seguimento e avaliación do Plan de Convivencia pivotará sobre catro eixes esenciais:

1. Avaliacións trimestrais na Comisión de Convivencia, previo informe de Xefatura de Estudos no referido a conflictividade, e atendendo aos seguintes indicadores:

- O clima de convivencia xeral.
- A relación do Centro co contorno social: institucións oficiais, outros centros educativos...
- A relación co contorno familiar: canles de comunicación, clima de confianza, participación das familias na vida do Centro...
- O contorno escolar: espazos, instalacións e mobiliario do Centro; normas de convivencia do Centro e das aulas; relacións entre os membros da Comunidade Educativa; medidas para previr conflitos e formas de resolución; resposta educativa á diversidade...

2. Enquisas de Convivencia especificadas anualmente nas correspondentes concrecións do Plan de Convivencia:

- Entre o alumnado, realizadas a través dos titores.
- Entre o profesorado, realizadas desde Xefatura de Estudos

3. Cumprimentación dun cuestionario valorativo sobre o Plan de Convivencia a debater e cumprimentar na Comisión de Convivencia.

4. Elaboración dunha memoria valorativa do Plan de Convivencia do Centro, de acordo cos datos e conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

Segundo establece a lexislación vixente, o Consello Escolar en pleno aprobará ao final de cada curso escolar a Memoria do Plan de Convivencia elaborada pola Comisión de Convivencia. Esta memoria formará parte da Memoria Anual do Centro.